

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 11 DE XUÑO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Comunicación a Mar Sánchez Sierra
- Decreto polo que se nomean os vogais do Consello Reitor da Axencia Galega de Emerxencias

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se dispón que cese Eugenio García Lalinde como director xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda
- Decreto polo que se nomea director xeral de Política Financeira e Tesouro a Manuel Galdo Pérez

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Decreto polo que se modifican o Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, para continuar cun programa de actuacións en materia de investigación lingüística para o ano 2009, a través do Instituto da Lingua Galega

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se declara municipio turístico galego o Concello de Cedeira
- Acordo polo que se crea a Comisión de Coordinación do Xacobeo 2010

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a constitución dunha comisión de traspaso das funcións correspondentes ás escolas de primeiro ciclo de Educación Infantil

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se nomea os membros do Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia en representación da Xunta de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Defensa, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2009, por un importe de setecentos trinta e catro mil trescentos trinta e un euros (734.331,00 €)

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra “Execución de impermeabilización de noiros do terraplén na obra AG-64 Ferrol- Vilalba. Treito: Enlace núcleo urbano das Pontes-Cabreiros” por unha contía aproximada de cinco millóns oitocentos vinte e nove mil douscentos tres euros (5.829.203,00 €)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o Plan estratéxico de promoción e comunicación do Xacobeo 2010

**TARSY CARBALLAS FERNÁNDEZ, FERNANDO DIZ-LOIS MARTÍNEZ,
LUCIANO GARCÍA ALÉN, FERNANDO PÉREZ-BARREIRO NOLLA E MARCOS
VALCÁRCEL LÓPEZ, GALARDOADOS COA MEDALLA CASTELAO 2009**

- *O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción*

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2009, coa cal a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo no eido artístico, literario ou de calquera outra faceta da actividade humana. Deste xeito, o decreto aprobado hoxe acorda distinguir a investigadora Tarsy Carballas Fernández; o doutor e internista Fernando Diz-Lois Martínez; o médico e etnógrafo Luciano García Alén; o tradutor Fernando Pérez-Barreiro Nolla; e o investigador, erudito e divulgador da cultura galega Marcos Valcárcel López, coa Medalla Castelao 2009.

Tarsy Carballas Fernández

A profesora Carballas é un dos exemplos máis salientables dunha carreira profesional vinculada á excelencia na investigación, na cal acadou os postos máis altos na súa especialidade. Doutora en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela, é profesora de Investigación no Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia e autora de máis de 230 publicacións. Na súa intensa actividade profesional cómpre salientar a súa preocupación por acadar solucións para algúns dos problemas máis importantes da sociedade galega: a predición dos incendios forestais e a rexeneración do solo queimado.

Fernando Diz-Lois Martínez

O doutor Diz-Lois é un prestixioso internista de reputada fama alén da nosa comunidade. O amor á súa terra levouno a desbotar importantes ofertas profesionais no estranxeiro para centrar o seu labor profesional no sistema sanitario público galego, no cal exerce desde 1973 como xefe de Departamento de Medicina Interna do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, labor que compaxina coa docencia universitaria. Ao seu intenso labor débese a posta en marcha da unidade de curta estadía médica nesa institución sanitaria. Por outra banda, o doutor Diz-Lois pertence a numerosos círculos científicos en que as súas opinións teñen un gran peso.

Luciano García Alén

Médico e etnógrafo, foi fundador e primeiro presidente do Club Nacionalista Alén Nós e patrono fundador do Museo do Pobo Galego. Con Filgueira Valverde e o seu irmán Alfredo García Alén participou nos anos 50 a 70 na organización e desenvolvemento do Museo de Pontevedra. Dentro da súa actividade a prol da cultura galega resaltan os seus traballos e investigacións sobre a olaría popular, sendo o principal artífice de que se conserve unha importante documentación escrita e gráfica de recipientes que,

doutro xeito, terían desaparecido sen deixar pegada. Este importante labor continúa ata día de hoxe.

Fernando Pérez-Barreiro Nolla

Tradutor do inglés e chinés, o seu labor profesional levouno a exercer cargos de relevo en organismos e institucións de alto nivel mundial como membro dos equipos dos servizos exteriores da BBC en Londres, profesor en prestixiosas universidades inglesas ou xefe dos Servizos de Tradución da Organización Internacional do Café. Autor da primeira tradución dunha obra teatral de Shakespeare para o galego e das primeiras traducións directas do chinés para o galego, o seu labor a prol da internacionalización da cultura galega a través da palabra e do fluxo intelectual conéctanos coas sociedades de maior peso específico no mundo contemporáneo.

Marcos Valcárcel López

Doutor en Xeografía e Historia e catedrático de Lingua e Literatura galegas no ensino secundario, Marcos Valcárcel conta cunha longa traxectoria como investigador, erudito e divulgador da cultura de Galicia, facianas ás cales engade a súa traxectoria como dinamizador cultural, xornalista de opinión, ensinante e estudioso da historia cultural, literaria e política de Ourense. Autor de numerosas publicacións e cun constante labor xornalístico durante máis de trinta anos no campo do columnismo de opinión, puxo en marcha un dos blogs de máis prestixio do país, cuxa capacidade de convocatoria o converteu nun dos lugares da internet máis activos de Galicia. Recoñécese, deste xeito, toda unha vida dedicada á cultura, ao coñecemento e a súa transmisión á sociedade cun talante aberto, dialogante, galeguista, cívico e, en definitiva, universal.

A Medalla Castelao

A Medalla Castelao foi creada en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o 28 de xuño dese ano. O decreto de creación deste galardón sinala que a perfección, o simbolismo ou a transcendencia das obras e do labor dos premiados con este recoñecemento debe ser o froito da entrega dunha vida, e o reflexo dun traballo conscientemente realizado con entrega e con fe na cultura, na historia e no ser dun pobo. A Medalla Castelao creouse para que sirva de exemplo a obra daqueles galegos que deben ser guía para futuras xeracións que queiran seguir engrandecendo a realidade de Galicia.

PRESIDENCIA

DIRECTORA XERAL DE COMUNICACIÓN

Mar Sánchez Sierra

Naceu na Coruña no ano 1969. Estudou a licenciatura de Ciencias da Información na Universidade de Navarra. Durante os anos de carreira traballou na empresa *NORSAN, S.L* e no xornal *La Voz de Galicia*. Ademais, estivo encargada da comunicación das *Xornadas Europeas da Xuventude*, celebradas en Santiago de Compostela.

Traballou no gabinete de prensa do Instituto Galego da Vivenda e Solo e foi responsable de Comunicación no Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela; da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais; do Ministerio de Sanidade; de Correos e da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Foi conselleira, por proposta do Grupo Parlamentario Popular, do Consello de Radio Televisión de Galicia.

Na actualidade é coordinadora de Comunicación do PPdeG.

A XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE VOGAIS DO CONSELLO REITOR DA AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou o decreto polo que se nomean vogais do Consello Reitor da Axencia Galega de Emerxencias. Así, segundo o texto, os vogais representantes da Xunta neste Consello Reitor serán:

- A secretaria xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Beatriz Cuiña Barja.
- O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro Tato, en representación da Consellería de Traballo e Benestar.
- O director xeral de Mobilidade, Miguel Rodríguez Bugarín, en representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- O director xeral de Montes, Tomás Fernández Couto-Juanas, en representación da Consellería do Medio Rural.
- A directora xeral de Asistencia Sanitaria, Nieves Domínguez González, en representación da Consellería de Sanidade.
- O director xeral de Ordenación e Xestión de recursos mariños, Pablo Ramón Fernández Asensio, en representación da Consellería do Mar.
- A directora xeral de Infraestruturas, Isabel Vila Barbosa, en representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Doutra banda, os vogais elixidos pola Federación Galega de Municipios e Provincias para representar os concellos galegos son:

- O alcalde de Brión, José Luis García García
- O alcalde da Estrada, José Antonio Dono López
- O alcalde de Curtis, Francisco Javier Caínzos Vázquez
- O alcalde de Teo, Martiño Noriega Sánchez

Por último, na súa condición de expertos en materia de emerxencias, tamén foron elixidos para o Consello Reitor da AXEGA Manuel Bao Iglesias, Cesáreo Rey Nolla e Juan José González Fernández; e en representación da Administración do Estado, o xefe da unidade de Protección Civil da Delegación do Goberno en Galicia, José Luis Ucieda Somoza.

Estatutos da Axencia Galega de Emerxencias

Segundo establece o estatuto da Axencia, o seu Consello Reitor está formado por unha presidencia –que corresponde ao titular da consellería competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias, Alfonso Rueda Valenzuela-, unha vicepresidencia -o titular do órgano directivo da consellería encargada da xestión de emerxencias e protección civil que designe o seu titular, neste caso Santiago Villanueva-, unha xerencia, dezaseis vogalías e unha secretaría. A pertenza a este non xerará dereitos laborais nin económicos.

Os vogais do Consello Reitor da Axencia serán o titular da secretaría xeral da consellería competente en materia de emerxencias; o titular da dirección xeral competente en materia de interior –que neste caso é o mesmo que o de Emerxencias; un representante, con categoría cando menos de director xeral, de cada unha das consellerías competentes en materia de voluntariado, urbanismo e transportes, montes e incendios forestais, sanidade, pesca e asuntos marítimos e ambiente; tres vogais designados pola Presidencia do Consello entre persoas expertas e de prestixio en materia de emerxencias; catro representantes dos concellos de Galicia designados pola Federación Galega de Municipios e Provincias; e un representante da Administración do Estado, nomeado pola Delegación do Goberno.

As funcións deste Consello son, entre outras, coñecer e aprobar as directrices xerais de actuación do organismo, o plan anual de actividades, a memoria de actividades do exercicio anterior, o regulamento de réxime interior e o seu anteproxecto de orzamento anual; nomear e cesar –por proposta da Presidencia da Axencia- o xerente e secretario xeral dela; emitir informe sobre as normas relativas a disposicións e actos que afecten as funcións da AXGE; e coñecer os convenios de colaboración subscritos pola persoa titular da Presidencia en materia de xestión de emerxencias. Reunirase polo menos unha vez ao ano.

CONSELLERÍA DE FACENDA

DIRECTOR XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO

Manuel Galdo Pérez

Naceu en Cabanas (A Coruña) hai 43 anos e está casado. É licenciado en Ciencias Económicas e Empresarias pola Universidade de Santiago de Compostela e é funcionario do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia.

Na súa experiencia profesional foi xefe da Sección de Control Orzamentario da Dirección Xeral de Industria na Consellería de Industria e Comercio (1993), xefe da Sección de Fiscalización do Instituto Galego de Vivenda e Solo (1993-94) e xefe do Servizo de Caixas de Aforro e Entidades Financeiras (1995-1997).

Ademais, foi subdirector xeral de Supervisión de Caixas de Aforros e Entidades Financeiras (1997-2004), director xeral de Política Financeira e Tesouro (2004-2005) e xerente da Universidade da Coruña (2005-2009).

A NOVA ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA RESPONDE AOS CRITERIOS DE EFICACIA E AUSTERIDADE E SUPORÁ UN AFORRO DE 850.000 EUROS

- *O modelo responde á fusión de dúas áreas funcionais tradicionalmente separadas, as de Economía e Industria, incidindo no papel do novo departamento como motor do impulso e da dinamización económica*
- *En consonancia cos obxectivos da nova Xunta de Galicia, apóstase pola redución e simplificación de órganos administrativos para acadar unha estrutura considerablemente máis áxil que na etapa anterior*
- *Todos os cambios introducidos asumen os principios de eficacia, austeridade e aforro para conseguir unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das funcións atribuídas*

Santiago, 10 de xuño de 2009.- O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se establece a nova estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria que dirixe Javier Guerra Fernández. Todos os cambios introducidos asumen os principios de eficacia, austeridade e aforro, a tradúcense nunha conseguinte maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das funcións que esta ten atribuídas.

O novo modelo de estrutura orgánica responde, en primeiro termo, á fusión de dúas áreas funcionais tradicionalmente separadas, as de Economía e a Industria, incidindo no papel da nova Consellería como motor do impulso e dinamización económica. As consecuencias máis visibles deste novo enfoque son dúas: a substitución da anterior denominación de Consellería de Innovación e Industria pola máis precisa de Consellería de Economía e Industria e a adscripción a este novo departamento do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

En segundo termo, e baixo a premisa da eficacia e a racionalización da organización administrativa, desaparece da súa estrutura a Dirección Xeral de Turismo, que pasa a formar parte da nova Consellería de Cultura e Turismo.

En consonancia cos obxectivos de economía e austeridade da nova Xunta de Galicia, apóstase pola redución e simplificación de órganos administrativos, o que se traduce na supresión da anterior Dirección Xeral de Promoción do Sector Audiovisual e dos Contidos Dixitais, pasando as súas funcións a ser asumidas polas Secretarías Xerais de Medios e de Modernización e Innovación Tecnolóxica, o que permitirá un aforro de 850.000 euros.

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a Dirección Xeral de Comercio, e a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, todas elas dirixidas polo conselleiro, e xunto coa Secretaría Xeral e os órganos periféricos, conforman a nova estrutura orgánica da nova Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

EFICACIA E AUSTERIDADE NA NOVA ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- *Pasa a estar composta por cinco órganos superiores con nivel de dirección xeral, un menos que na lexislatura anterior*

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que queda establecida a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dando luz verde aos cambios necesarios para a redistribución de funcións.

Malia asumir a competencia da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a nova estrutura da Consellería supón un aforro respecto á organización anterior de 140.695 euros. Pasa a estar composta por 5 órganos superiores con nivel de dirección xeral, un menos que na lexislatura anterior, e 16 subdireccións xerais.

Organigrama e aforro de custos

Co decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta, a Consellería pasa a ter os seguintes órganos:

- I. A conselleira ou o conselleiro.
- II. A Secretaría Xeral.
- III. A Secretaría Xeral de Universidades.
- IV. A Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- V. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- VI. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
- VII. Os departamentos territoriais.
- VIII. Os órganos colexiados e entes de dereito público.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten entre as súas competencias e funcións planificar e administrar o ensino regrado en toda a súa extensión e niveis, a promoción e o ensino da lingua galega e a execución da política lingüística da Xunta. Tamén recae nela a coordinación do sistema universitario galego e as funcións derivadas da creación do Museo Pedagóxico de Galicia e o Consello Galego de Formación Profesional

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DO DECRETO REGULADOR DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA E DAS RETRIBUCIÓN S DOS DOCENTES E INVESTIGADORES

- *Estas modificacións veñen derivadas da adaptación do Sistema Universitario Galego (SUG) ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)*

O Consello da Xunta aprobou a modificación de dous decretos derivados da adaptación do sistema universitario galego ao novo Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Trátase dos Decretos 270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego, e do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario.

A adaptación ao novo EEES obriga a que se realicen cambios na estrutura dos organismos de control e coa aprobación deste decreto regúlase a Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (CGIACA) como o órgano superior da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

A CGIACA será o canal competente para a aprobación de todos os procedementos e protocolos de avaliación así como da expedición de certificacións e acreditacións. Con isto asegúrase a actuación baixo unha liñas internacionais de calidade dentro do Espazo Europeo de Educación Superior.

Dentro das modificacións aprobadas polo Consello da Xunta tamén se establecen unha serie de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario. A aprobación desta medida non supón ningún compromiso económico para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, alén das previsións orzamentarias xa calculadas para o actual exercicio.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A NOVA ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO, NA CAL SE ELIMINA UNHA SUBDIRECCIÓN XERAL

- *A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural reduce de catro a tres as súas subdireccións xerais coa asunción de competencias por parte da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural na protección do patrimonio cultural da Cidade e Camiños de Santiago*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se desenvolve a nova estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo. A modificación nos órganos superiores do departamento prevé a desaparición dunha das catro subdireccións xerais que dependían da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, reducindo o número de subdireccións integradas na consellería a un total de oito.

Deste xeito, o conselleiro ocupa o rango superior da estrutura da Consellería de Cultura e Turismo. Por debaixo, a Secretaría Xeral conta para o desenvolvemento das súas funcións dunha Subdirección Xeral de Xestión Orzamentaria e Administrativa que está integrada por cinco servizos. Nesta subdirección se elimina o servizo de supervisión de proxectos, cuxas funcións son asumidas polo Servizo de Arquitectura e Etnografía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e se crea o Servizo de Tecnoloxías e Sistemas de Información para coordinar os proxectos da consellería neste eido.

A Secretaría Xeral para o Turismo ten adscritas a Subdirección Xeral de Xestión, Fomento e Cooperación, integrada por tres servizos, e a Subdirección Xeral de Ordenación, Inspección e Planificación Turística, tamén con tres servizos. Nesta última subdirección créase o Servizo de Planificación Turística e Programas Europeos que se encargará de elaborar e executar plans de dinamización e desenvolvemento turístico, de mellora da calidade en destino e de proposta e participación en programas europeos.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural conta con tres subdireccións xerais. A Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, integrada por tres servizos, asume a protección do patrimonio cultural vinculado á cidade e aos camiños de Santiago pola desaparición da anterior Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago. O Servizo de Arquivos e Museos que dependía ata o de agora desta subdirección incorpórase á Subdirección Xeral de Arquivos e Museos, encargada da coordinación e dirección técnica dos sistemas galegos de arquivos e museos, da xestión dos de titularidade autonómica e dos de titularidade estatal transferidos á Comunidade Autónoma. En total conta con dous servizos. A terceira

subdirección da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural é a de Conservación e Restauración de Bens Culturais, integrada por dous servizos.

A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura ten adscritas dúas subdireccións xerais. A Subdirección Xeral de Difusión Cultural e Publicacións, integrada por tres servizos, prevé amortizar o Servizo de Creación Cultural e traslada o Servizo de Bibliotecas á Subdirección Xeral de Bibliotecas, que terá un total de dous servizos.

APROBADA A NOVA ESTRUTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, COA CAL SE ACADA UN AFORRO DE 90.000 EUROS

- *A nova organización é un reflexo da austeridade comprometida polo novo Goberno*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, que presenta un aforro de 90.000 euros unha vez reorganizados os servizos das áreas que correspondían á Consellería de Traballo e á antiga Vicepresidencia.

Coa nova estrutura, coa cal se fará fronte ás mesmas competencias que tiñan os dous departamentos antes mencionados excepto Igualdade, que pasa a depender da Presidencia do Goberno, este departamento autonómico cumpre cos principios de austeridade, eficacia e eficiencia marcados como obxectivos da xestión do Goberno galego.

Este aforro conséguese grazas á optimización de recursos e á fusión das dúas secretarías xerais, suprimindo ademais dúas subdireccións e un servizo da anterior estrutura, o que supón un esforzo importante para integrar os diferentes departamentos sen que iso signifique menores servizos ou de menor calidade, dado que se potenciará a informatización de moitas das xestións e dos procedementos.

Este reaxuste permitiu, ademais, reforzar a estrutura da Dirección Xeral da Dependencia cunha nova subdirección, coa cal se pretende facer fronte as necesidades derivadas da aplicación da Lei da dependencia.

Deste xeito a consellería queda formada pola conselleira, unha secretaría xeral, a Secretaría Xeral de Familia e Benestar, a Dirección Xeral de Relacións Laborais, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, a de Formación e Colocación, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e a Dirección de Dependencia e Autonomía Persoal.

Así mesmo, da consellería dependen dous organismos autónomos: o Instituto de Seguridade Laboral (ISSGA) e o Consello Galego de Relacións Laborais.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN DECRETO PARA FOMENTAR A ACTIVIDADE APÍCOLA E ADAPTAR O MARCO NORMATIVO XERAL Á REALIDADE GALEGA

Coa finalidade de desenvolver o marco normativo existente en materia de apicultura, para adaptalo á propia estrutura do sector e do agro galego, e de fomentar a actividade apícola (a 31 de decembro de 2007 había en Galicia 410 apicultores, cunha produción certificada de 303.990 quilos), a Consellería do Medio Rural elaborou o Decreto sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma.

Esta norma, aprobada hoxe polo Consello da Xunta, ten por obxecto a regulación das explotacións apícolas, establecendo con máis claridade o procedemento para determinar as localizacións das pequenas explotacións e regularizando en maior medida, desde o punto de vista sanitario, a actividade da transhumancia, así como a actuación sanitaria a desenvolver.

A normativa básica contida no Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, posibilitou que as comunidades autónomas, no exercicio das súas competencias, desenvolvan certos aspectos como a codificación do sistema de identificación das colmeas e a ordenación das explotacións de autoconsumo.

Control das enfermidades

Por outra banda, o Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un Programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel, impuxo a execución dun tratamento obrigatorio anual na loita contra a varroase, coa realización das actuacións que determine a Comunidade Autónoma, e facultou a autoridade competente para prever determinadas excepcións á dita obriga no marco de experimentos e investigacións. De cara a facer efectivas estas cuestións na realidade xurídica da Comunidade Autónoma galega foi elaborado este decreto pola Consellería do Medio Rural.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EDUCACIÓN E A USC PARA CONTINUAR CON ACTUACIÓNS DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA

- *Desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística contribuirase con 207.993 euros para estes estudos*
- *Entre outros compromisos está a elaboración de novos tomos do Atlas Lingüístico Galego*
- *O Instituto da Lingua Galega leva recollendo material informativo sobre a lingua galega desde 1975*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para continuar este ano cun programa de actuacións en materia de investigación lingüística. Os traballos realizaranse durante 2009 a través do Instituto da Lingua Galega (ILG). Para a realización deste convenio achegaranse 207.993 euros a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O programa terá como fin a elaboración dun atlas da lingua galega, unha base de datos lexicográficos ou a preparación dunha colección diplomática de documentos galegos medievais, entre outros traballos.

O convenio responde a unha tramitación iniciada na anterior lexislatura e que Anxo Lorenzo, actual secretario xeral de Política Lingüística, recoñece como válido, xa que se manterán as mesmas circunstancias tanto de feito como de dereito.

Con este convenio, a Consellería de Educación ten ao seu dispor os estudos e traballos de investigación sobre gramática, léxico e aspectos lingüísticos dos distintos eidos, actividades e profesións en todos os ámbitos da sociedade galega. Uns estudos sobre os cales Educación exerce a súa competencia ao encargarse da promoción da lingua galega a partir do traballo realizado pola USC, a través do Instituto da Lingua Galega.

Programa de actuacións do ILG

Coa sinatura deste convenio, a USC, a través do ILG comprométese, a:

- Elaborar os novos volumes do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa). Ao mesmo tempo corruxirá a manterá a base de datos informática dos materiais extraídos dos cuestionarios do ALGa. Ao longo deste ano finalizarase o terceiro volume do *Ser humano*. Tamén se continuará coa elaboración dos seguintes tomos correspondentes á parte de léxico, así como cos traballos de corrección e mantemento da base de datos informáticos. Do mesmo xeito, rematarase a

preparación de materias do ALGa para incorporar na páxina web do ILG. Preténdese facer unha presentación do proxecto en que se dea información xeral sobre todo o que se está a facer.

- Continuar coa elaboración e actualización dunha base de datos lexicográficos e manter o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Ao longo deste ano está previsto a incorporación de novos textos, con aproximadamente 650.000 palabras. E rematar a transferencia á linguaxe XML dos arquivos textuais, así como o deseño de novas aplicacións para axilizar o emprego da web.
- Seguir coa preparación para transcribir e editar os documentos galegos da colección diplomática de Santa María de Oia.
- Elaborar e manter o *Xelmírez Corpus romance da Galicia medieval* e manter o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Tamén continuará incrementando a base textual coa incorporación de novas obras e coleccións documentais.
- Seguir cos traballos do proxecto Arquivo do Galego Oral, no cal se clasificarán de forma temática os textos orais e se desenvolverá unha ferramenta na páxina web para a consulta textual e multimedia dos textos.

Haberá unha comisión de seguimento que supervisará e avaliará o estado dos traballos considerados no convenio.

A sinatura de aprobación deste convenio non precisa de concorrencia pública nin da aplicación da Lei de contratos do sector público porque o ILG é a única entidade cos medios materiais e o persoal axeitado para a realización do dito traballo. O Instituto da Lingua Galega (ILG) da USC funciona desde 1975 e posúe un equipo de profesionais cualificados que garante a calidade lingüística no desenvolvemento dos proxectos.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA O CONCELLO DE CEDEIRA COMO MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO

- *Tras este acordo procede a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e á súa notificación ao Concello*

O Consello da Xunta declarou hoxe Cedeira como municipio turístico. Esta declaración concédese normalmente a aqueles concellos que o soliciten e que cumpran os requisitos de ter unha afluencia periódica ou estacional en que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao vinte e cinco por cento do número de veciños ou cando o número de aloxamentos turísticos e máis de segundas residencias sexa superior ao cincuenta por cento do número de vivendas de residencia primaria. Doutra parte, é necesario que acrediten contar dentro do seu territorio con algún servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística de visitantes nunha cantidade cinco veces superior á súa poboación, computada ao longo dun ano e repartida cando menos en máis de trinta días.

No caso de Cedeira para obter esta declaración puxéronse de manifesto, entre outros requisitos, as grandes potencialidades da zona como a Serra da Capelada ou Santo André de Teixido, onde recentemente se fixeron grandes intervencións para a súa posta en valor. Este concello do norte da provincia da Coruña, tanto na súa área urbana, como rural, tramou un planeamento de diferentes infraestruturas viarias e portuarias, estas en relación ao turismo náutico, así como a posta en valor do seu patrimonio natural e cultural e máis a rede de infraestrutura turística. A concorrencia en épocas vacacionais a determinados eventos, especialmente de interese tradicional como romarías e festas é moi elevada. Os camiños a Santo André de Teixido traman o territorio e, grazas á intervención de varios programas, están cada vez mellor sinalados, máis coidados e revalorízanse neles as pegadas etnográficas, históricas e culturais da súa contorna. Así, milladoiros, cruceiros, aldeas, hórreos, igrexarios e pontes póñense en relevo para seren observados por aqueles que os visitan.

Tamén se tivo en conta para esta declaración a antiga e forte atracción turística e particularidades antropolóxicas do Santuario de Santo André de Teixido, así como o interese arqueolóxico, etnográfico e fundamentalmente paisaxístico-xeolóxico da Serra da Capelada. Con esta declaración, recoñécese a peregrinación a Santo André de Teixido, que constitúe un dos máis primitivos camiños de peregrinación da Vella Europa, nos anais do primeiro turismo de cariz relixioso. Considérase que o Concello de Cedeira reúne, innova constantemente e multiplica os requisitos requiridos para esta inclusión no catálogo, en todas as ordes: aloxamentos, transporte, servizos, seguridade, información, cultura, paisaxe, festas, etc. Así mesmo, tívose en conta a posta en valor dos recursos de identidade e polo tanto turísticos como as festas e romarías do Curro da Capelada, o Mercado Medieval, ou o Samaín.

O CONSELLO APROBA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DO XACOBEO 2010

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a creación dunha Comisión de Coordinación do Xacobeo 2010, adscrita á Consellería de Cultura e Turismo, coa intención de que os distintos departamentos da Comunidade Autónoma traballen conxuntamente neste proxecto.

As funcións desta comisión estarán relacionadas coa promoción, programación e execución dos actos do Xacobeo 2010. Este órgano adoptará os acordos necesarios para a correcta coordinación das administracións da comunidade autónoma. Asemade, terá a función de propoñer as liñas de actuación e dar a coñecer as intervencións dos distintos órganos da administración galega en relación á promoción, programación e execución dos actos do Xacobeo 2010. Servirá de canalización para a coordinación das actuacións necesarias nesta materia. Esta comisión organizará a colaboración efectiva das distintas consellerías na realización dos programas acordados.

Para o desenvolvemento deste traballo a Comisión de Coordinación do Xacobeo 2010 estará composta por 16 membros:

- a) Presidente: *O conselleiro de Cultura e Turismo*
- b) Vicepresidente: *A secretaria xeral para o Turismo*
- c) Vogais:

- *O secretario xeral de Medios*
- *A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica*
- *A secretaria xeral do Servizo Galego de Saúde*
- *O secretaria xeral de Calidade e Avaliación Ambiental*
- *O secretaria xeral de Emigración*
- *Un representante da Consellería de Facenda con rango de director xeral*
- *O director xeral de Emerxencia e Interior*
- *O director xeral de Xuventude e Voluntariado*
- *O director xeral do organismo autónomo Augas de Galicia*
- *O director xeral de Protección do Patrimonio*
- *O director xeral de Promoción e Difusión da Cultura*
- *O director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación*
- *O director xerente da Sociedade Autónoma do Xacobeo*
- *A directora xerente da sociedade turística Turgalicia*

UNHA COMISIÓN FORMADA POR ONCE PERSOAS SERÁ A ENCARGADA DE FACER O TRASPASO DAS ESCOLAS INFANTÍS DE TRABALLO A EDUCACIÓN

- *O obxectivo último é habilitar unha rede galega de escolas infantís eficientes en termos de calidade*

O Consello da Xunta aprobou a creación dunha comisión que se ocupe do traspaso á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de todas as funcións relativas á educación infantil. Estas competencias están agora distribuídas entre os departamentos de Benestar e Educación.

Ante o feito de que a educación infantil é unha etapa formativa coa súa propia identidade é necesario realizar unha única política que permita cumprir os obxectivos previstos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e ter como obxectivo último habilitar unha rede galega de escolas infantís eficientes en termos de calidade.

Por iso a Xunta de Galicia quere abordar a distribución de todas as competencias dos dous ciclos de educación infantil (0-3 anos e 3-6 anos) nun único departamento cuns principios pedagóxicos comúns aos dous ciclos. A isto responde a creación desta comisión, constituída por catro membros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, catro da Consellería de Traballo e Benestar e que contará ademais cunha persoa en representación da Consellería de Facenda, outra do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e outra da Federación de Municipios e Provincias.

Por parte da Consellería de Educación estarán na comisión o conselleiro, Xesús Vázquez Abad, o secretario xeral, José Luis Vázquez Fernández, o director xeral de Educación, Formación Profesional Innovación, José Luis Mira Lema e o subdirector xeral de Persoal, José Luis Canosa. Pola de Traballo estarán a conselleira, Beatriz Mato, a secretaria xeral, Cristina Ortiz, a Secretaria Xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella, e o subdirector xeral de Familia, Manuel Vila López.

Esta comisión encargarase do traspaso de todas as escolas infantís de 0-3 anos a Educación, unha rede que na actualidade está formada por 477 centros que albergan un total de 23.544 prazas. Delas 212 son públicas, 60 privadas en mans de entidades de iniciativa social e financiadas pola Xunta e outras 205 son de titularidade privada.

O CONSELLO NOMEOU OS NOVOS MEMBROS DO PADROADO DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

O Consello da Xunta aprobou o nomeamento dos novos membros do Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, en representación do Goberno Galego.

Os novos membros son: Ricardo García-Borregón Millán, director xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural; Justo De Benito Basanta, secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Pablo Ramón Fernández Asensio, director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar; Pablo Figueroa Dorrego, director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e José Manuel Rey Pichel, director xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.

O presidente do Padroado do parque é Fernando Garrido Valenzuela, nomeado polo Consello da Xunta na súa reunión do pasado día 14 de maio.

O CONSELLO AUTORIZOU A SINATURA DUN CONVENIO ENTRE MEDIO RURAL E O MINISTERIO DE DEFENSA PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- *Defensa comprométese a despregar patrullas terrestres e helicópteros, con misión de vixilancia e disuasión, que se incrementarán segundo as necesidades*
- *A Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, financiará o operativo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña de 2009. En virtude deste acordo, o Ministerio de Defensa comprométese a levar a cabo despregamentos operativos de patrullas terrestres, con misión de vixilancia e disuasión, e de helicópteros de vixilancia, segundo diferentes niveis de esforzo vinculados á gravidade da situación.

Así, nun primeiro nivel de esforzo mínimo, en situación de normalidade, o despregamento será de 23 patrullas terrestres e de ata un máximo de 2 helicópteros para vixilancia. Este operativo activarase entre o 1 de xullo e o 30 de setembro. A partir de aquí, o Nivel de Esforzo Medio poderase activar cando se estea a producir unha situación xeneralizada de incendios de gravidade potencial 2 nalgunha das catro provincias galegas. Este nivel de esforzo será solicitado ao Ministerio de Defensa pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior. Despregaríanse entón ata un máximo de 50 patrullas e de 3 helicópteros de vixilancia durante os meses de xullo e agosto e de un helicóptero de vixilancia durante o mes de setembro.

O nivel de esforzo máximo poderase activar cando se produza unha situación xeneralizada de incendios de nivel 2 en varias provincias galegas. A valoración desta situación corresponderá ao Comité Permanente da Comisión Interministerial para a Prevención e Loita contra Incendios Forestais e neste caso despregaranse ata un máximo de 75 patrullas terrestres e de 4 helicópteros de vixilancia durante os meses de xullo e agosto e 2 helicópteros durante o mes de setembro.

Financiamento

No convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta establécese, para o nivel de esforzo mínimo, un orzamento global de 734.331 euros. Estes fondos cubrirán os labores de recoñecemento, despregamento, actividade operativa e remudas de unidades das Forzas Armadas.

Para os niveis de esforzo medio e máximo, e tendo en conta a imposibilidade de prever con antelación as circunstancias concretas dos despregamentos, considéranse

uns incrementos progresivos de gasto diario a engadir ao que correspondería ao nivel de esforzo mínimo.

Segundo se establece tamén no convenio, o emprego de medios aéreos estará, en todo caso, suxeito á dispoñibilidade deles.

DECLARADAS DE EMERXENCIA AS OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DE NOIROS NA ZONA DE TERRAPLÉNS NO TREITO AS PONTES-CABREIROS DA AUTOVÍA FERROL-VILALBA

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas destina un orzamento de preto de 6 millóns de euros á posta en marcha desta actuación*
- *O carácter urxente desta tramitación responde á necesidade de actuar de maneira inmediata ante o perigo que esta situación pode provocar na calidade das augas*
- *Con esta actuación paliativa atállanse os problemas na súa orixe co obxecto de acadar unha solución a longo prazo*

O Consello da Xunta informou hoxe da declaración por vía de emerxencia da obra de impermeabilización de noiros da autovía Ferrol- Vilalba, concretamente no treito de enlace urbano das Pontes-Cabreiros.

Esta actuación tramítase con carácter de emerxencia debido á necesidade de actuar de maneira inmediata ante o perigo que esta situación pode provocar na calidade das augas e, polo tanto, no equilibrio do ecosistema.

O orzamento previsto ascende a 5,8 millóns de euros. Esta cifra poderá variar á alza ou á baixa en función da aprobación final do proxecto da obra. A entidade adjudicataria é Geotexan-Ga 21, que será a encargada de limpar e regular a superficie dos noiros de terraplén obxecto da actuación. Tamén procederán á impermeabilización dos noiros mediante a colocación dunha membrana de polipropileno. Todo o conxunto cubrirase cunha cobertoira de terra vexetal sobre a cal se aplicará unha hidrosementeira.

Antecedentes

As obras da autovía Ferrol-Vilalba no treito As Pontes-Cabreiros provocaron a expansión dun material de desmonte procedente da Mourela ao longo de toda a traza. Este material, constituído por un mineral con alto contido férreo e de fácil oxidación, non foi detectado no seu momento.

A liberación de catións de ferro presentes nos noiros a través das augas de escorremento que transportan as obras de drenaxe lonxitudinal provocan o descenso do pH dos ríos a que chegan esas augas, coa conseguinte acidificación destes. Este aspecto motiva a dilución de elementos ferrosos que afectan os microorganismos acuáticos.

As lixivacións procedentes dos noiros provocan danos no ecosistema, xa que un descenso do pH rompe os ciclos biolóxicos e reprodutivos das plantas.

Ante esta situación, constituíuse unha comisión mixta de seguimento formada por representantes das anteriores consellerías de Política Territorial e Medio Ambiente para analizar o problema e propoñer actuacións que minimicen os riscos ambientais.

Unha vez detectado o problema, foi atacado nunha primeira fase mediante as obras de emerxencia para a execución de medidas correctoras de calidade das augas sobre os ríos Lavadoiro e Chamoselo. Estas actuacións reforzaranse co tratamento sistemático e integral dos efluentes que afectan os ríos Lavadorio, Chamoselo e Eume. Con posterioridade, a comisión mixta manifestou a necesidade de executar unha impermeabilización dos noiros nas zonas de terraplén, motivo polo cal se leva a cabo esta actuación de emerxencia.

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O PLAN DE PROMOCIÓN DO XACOBEO 2010

- *A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo investirá un total de 6.915.016 euros no plan de actuacións previsto para o segundo semestre de 2009*
- *A presentación da programación cultural do Ano Santo terá lugar o día 20 de outubro*
- *O Plan de promoción contempla accións a desenvolver nos ámbitos local, autonómico, nacional e internacional dirixidas a diferentes públicos obxectivo en diversas plataformas, canles e ferramentas de comunicación*
- *A campaña en Google será a maior realizada para un só destino turístico*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao Plan de promoción do Xacobeo 2010 no que se desenvolven as liñas de actuación e propostas aprobadas no informe preliminar o pasado 14 de maio. Deste xeito, o Goberno galego cumpre o compromiso acadado de presentar na primeira quincena de xuño o Plan de accións de promoción do Ano Santo para o segundo semestre de 2009, ao cal se destinarán un total de 6.915.016 euros, e as liñas estratéxicas, proxectos e ideas de comunicación para o 2010.

O Plan de promoción inclúe accións a desenvolver a nivel autonómico, nacional e internacional de cara a alcanzar a diferentes públicos obxectivo a través de diversas plataformas, canles e ferramentas de comunicación. O obxectivo é que o Ano Santo sexa un revulsivo para a economía galega, incrementado nun 1,5 por cento o peso do turismo no PIB galego, actualmente do 12%, e achegue a Galicia máis de 10 millóns de visitantes. Neste sentido, apostarase por unha estratexia mixta de aumento no número de turistas e do incremento do seu gasto diario.

Con esta finalidade abrírase ao mundo nunha campaña global con especial atención aos mercados fidelizados (Francia, Alemaña, Italia e Portugal) aos mercados emerxentes en Europa (Irlanda) e tamén nos Estados Unidos, Canadá, Xapón, Brasil, México e Arxentina.

Internet

Xacobeo 2010 caracterizarase polo uso da internet e das novas tecnoloxías para a promoción do Ano Santo cunha imaxe de modernidade e para acadar unha difusión global. A web Xacobeo 2010 será o punto de referencia e información, aberta á interactividade e á participación do usuario. Neste sentido, integrarase a comunidade Xacobeo nas redes sociais xa existentes (Facebook, Twitter, Tuenti,...), alén da web Xacobeo 2010, para multiplicar a presenza, o intercambio e difusión de contidos relacionados co Ano Santo.

A campaña en Google será a máis completa realizada nunca nas súas plataformas para un só destino turístico a nivel mundial, con posibilidades únicas de promoción e coñecemento que a converterán nun referente internacional. O obxectivo é o de acadar máis de 600 millóns de visitas cualificadas á web, as cales amosan un interese directo nun destino ou unha motivación de viaxe afín ao Xacobeo 2010, e máis de 200 millóns de anuncios a través de mensaxes personalizadas segundo a motivación da viaxe do internauta.

O acordo abrangue a utilización de todas as canles Google: Adwords, Contextual e Placement Targeting, Youtube, a creación de Mapplets (rutas e itinerarios en Google Maps) e as diferentes ferramentas de Google Earth.

Principios

A comunicación buscará a maior efectividade e a optimización de recursos nun período de máxima austeridade. Trátase de segmentar e dirixir accións a todo tipo de públicos (público xeral, colectivos sensibilizados, peregrinos, medios de comunicación, institucións, tour-operadores, nenos, xubilados, ...) e utilizar as canles máis axeitadas e personalizadas para abordar o Camiño de Santiago desde todos os ámbitos: físico (saúde, natureza e gastronomía), intelectual (cultura, arte e patrimonio) e espiritual.

A aprobación do Plan de promoción e comunicación fíxose segundo os criterios de descentralización do Xacobeo 2010, levando o evento a toda Galicia e proxectando a comunidade autónoma cara ao exterior, e de sustentabilidade. Nesta liña de respecto ao ambiente, utilizarase papel reciclado cando sexa posible tanto en materiais promocionais como publicacións.

Plan de accións

O Plan de accións aprobado para a promoción do Xacobeo no segundo semestre de 2009 contempla unha primeira fase de actuación cunha campaña previa nos meses de xullo e agosto, de ámbito autonómico e, puntualmente nacional, dirixida á sociedade galega e ao turismo de vacacións tanto en Galicia como noutros destinos turísticos nacionais. A segunda fase desenvolverase o 20 de outubro (20/10) de 2009. Ese é o día escollido para a presentación oficial da programación cultural pola coincidencia gráfica coa data do Ano Santo (2010) e polo simbolismo que representa. En decembro, desenvolverase a terceira fase do plan de accións cunha campaña de comunicación masiva a todos os niveis (autonómico, nacional e internacional) para dar a coñecer a apertura da Porta Santa e a inauguración do Xacobeo 2010.

A partir de xullo, a Consellería de Cultura e Turismo porá en marcha a promoción do Ano Santo con publicidade en medios de comunicación galegos e de ámbito estatal ademais de en soportes de gran formato de tránsito masivo: aeroportos, marquesiñas, paneis e mobiliario urbano.

Campañas específicas

O Plan prevé campañas de presentación específicas do Xacobeo Senior e do Xacobeo Infantil. Ademais, neste mesmo ano celebrarase o concerto inaugural da xira Xacobeo que presentará artistas galegos por diferentes cidades de España en 2010. Asemade, crearase un tema musical específico para o Xacobeo. Este *jingle* será composto por un músico de categoría recoñecida e contará coa participación de artistas de diversos perfís e procedencias para potenciar o carácter multicultural do Xacobeo 2010.

Prestarase especial atención aos proxectos audiovisuais. Así, convocarase un concurso de curtas e documentais que se desenvolverá no primeiro semestre do 2010. Un director de cine de recoñecido prestixio realizará unha peza sobre o Camiño e servirá para o lanzamento e presentación do concurso. O *Camiño en Imaxes* consistirá nun proxecto fotográfico en que a partir do traballo dun autor de prestixio internacional se relanzará o Camiño con exposicións, libros e contidos de máxima calidade.

A promoción turística do Ano Santo en 2009 engloba tamén un programa de visitas ao Camiño de artistas en xira por Galicia, así como a participación de actores, deportistas e outros persoeiros que, coa súa presenza, contribúan á difusión do Ano Santo. Buscarase prescritesores de opinión a través da rede de embaixadas, Instituto Cervantes e Casa de Galicia e impulsarase a presenza en feiras turísticas nacionais e internacionais.

TUREXPO Galicia

No vindeiro mes de novembro terá lugar en Silleda a primeira celebración de TUREXPO Galicia, dedicada especificamente este ano ao Xacobeo 2010. Está concibida como a primeira feira turística de contratación onde máis de 75 touroperadores poderán comprar aos diferentes subsectores toda a oferta do sector privado para o Ano Santo.